

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que o 16 de xaneiro de 1953 foi aprobado o consorcio do monte "VIDUAL E PENA GRANDE" que, como pertencente ás parroquias de Nogueira e San Clodio, subscribiran o Concello de Ribas do Sil e o Patrimonio Forestal do Estado.

2º.- Que tamén o 16 de xaneiro de 1953 foi aprobado o Consorcio que para o monte "CARBALLAL", como pertencente ás parroquias de Nogueira, Rairos e San Clodio, subscribiran o Concello de Ribas do Sil e o Patrimonio Forestal do Estado.

3º.- Que o 28 de novembro de 1977, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en man Común adoptou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE VILARIÑO", pertencente á Comunidade de Vilariño, parroquia de Nogueira, termo municipal de Ribas do Sil. Publicado o devandito Acordo no B.O. da Provincia, nº 125, do venres 2 de xuño de 1978, non se presentou nin interpuxo recurso ningún contra el, polo que é firme.

4º.- Que o 22 de decembro de 1998, a Comunidade de Vilariño tomou o Acordo de:

- aproba-las bases dun convenio a subscribir coa Consellería de Medio Ambiente, que afecte a 166 Has. do monte en man común da súa pertenza "DE VILARIÑO", nas que se inclúen 57 Has. do "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063, 3 Has. do "CARBALLAL", LU-2064 e 106 Has. rasas, que achegan de novo.

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lles afecta, anule e substitúa ós Consorcios dos montes "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063, e "CARBALLAL", LU-2064 e,

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

5º.- Que, en consecuencia, o novo monte "DE VILARIÑO", queda constituído por:

57 Has. do monte "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063.
3 Has. do monte "CARBALLAL", LU-2064 e
106 Has., rasas e sen consorciar.

6º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro dos Consorcios anteriores, a repoboación forestal dos terreos rasos que se achegan, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas ou que se creen no futuro, o seu aproveitamento e as obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fines.

7º.- -Que as superficies do monte "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063, son:

superficie total	127 Has.
superficie repoboada	123 Has.
superficie inforestal	4 Has.

Ó monte "DE VILARIÑO", pasan:

superficie total	57 Has.
superficie repoboada	55 Has.
superficie inforestal	2 Has.

8º.- Que as superficies do monte "CARBALLAL", LU-2064, son:

superficie total	203 Has.
superficie repoboada	197 Has.
superficie inforestada	6 Has.

Como ós montes que se indican pasaron as seguintes superficies:

MONTE	SUPERFICIE TOTAL	SUPERFICIE REPOBOADA	SUPERFICIE INFORESTAL
"Sarandeiras e Remeite" 2715669	81 Has.	78 has.	3 Has.
"Penedo Blanco" 2715797	42 Has.	41 Has.	1 Has.

"De Pumares e S.Román" 57 Has. 2715882	55 Has.	2 Has.
"Sarandeiras e Remeite" <u>10 Has.</u> 2715669	<u>10 Has.</u>	<u>-----</u>
TOTAL 190 Has.	184 Has.	6 Has.

as actuais son:

superficie total	13 Has.
superficie repoboada	13 Has.

ó monte "DE VILARIÑO", pasan:

superficie total	3 Has.
superficie repoboada	3 Has.

9º.- Que a Comunidade achega ó Convenio:

superficie total	106 Has.
superficie rasa forestal	96 Has.
superficie inforestal	10 Has.

10º.- Que, polo tanto, as superficies do monte "DE VILARIÑO", o convenio do cal se propón, son:

superficie total	166 Has.
superficie repoboada	58 Has.
superficie rasa forestal	96 Has.
superficie inforestal	12 Has.

11º.- Que os gastos por traballos e ingresos do monte "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063, son:

a) Gastos por traballos

ó 31-12-1997 10.427.345.- ptas.

ó 31-12-1977, ano en que se clasificou como en man
común o monte da Comunidade de
Vilariño. 729.496.- ptas.

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda da Lei 13/1989,
do 10 de outubro:

55/123 x 10.427.345.- ptas. - 55/123 x 729.496.- ptas. 4.336.437.- ptas.

b) Ingresos

ó 31-12-1997:

Excma. Deputación: 117.917.- ptas.

Administración: 294.701.- ptas.

TOTAL

412.618.- ptas.

12º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "CARBALLAL", LU-2064.

a) Gastos por traballos

ó 31-12-1997

9.416.299.- ptas.

pasados m/"Sarandeiras e Remeite", 2715669

2.599.647.- ptas.

pasados m/"Penedo Blanco", 2715797

1.838.591.- ptas.

pasados m/"De Pumares e S.Román", 2715882

3.510.171.- ptas.

saldo actual

1.467.890.- ptas.

ó 31-12-1977, ano en que se clasificou como en man

común ó monte da Comunidade de Vilariño

1.846.357.- ptas.

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro:

3/13 x 1.467.890.- ptas. - 3/197 x 1.846.357.- ptas.

310.627.-ptas.

b) Ingresos

ó 31-12-1997

Excma. Deputación

298.224.- ptas.

Administración

1.101.313.-ptas.

TOTAL

1.399.537.- ptas.

pasados m/"Sarandeiras e Remeite", 2715669

466.124.- ptas.

pasados m/"Penedo Blanco", 2715797

278.268.- ptas.

pasados m/"De Pumares e San Román", 2715882

461.961.- ptas.

saldo actual

193.184.- ptas.

13º.- QUE os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas dos Consorcios dos montes "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063 e "CARBALLAL", LU-2064, pasan á conta do monte "DE VILARIÑO", son:

a) GASTOS

do monte "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063

traballos

4.336.437.- ptas.

administración: 7,85/100 x 4.336.437.- ptas.

340.410.- ptas.

gardería: 55 Has. x 1.695.- ptas/Ha.

93.225.- ptas.

do monte "CARBALLAL", LU-2064

traballos

310.627.- ptas.

administración: $7,85/100 \times 310.627$.- ptas.

24.384.- ptas.

gardería: 3 Has. $\times$ 1.695.- ptas./Ha.

5.085.- ptas.

TOTAL GASTOS

5.110.168.- ptas.

b) INGRESOS

do monte "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063

55Has/123Has $\times$ 412.618.- ptas.

184.504.- ptas.

do monte "CARBALLAL", LU-2064

3Has/13Has $\times$ 193.184.- ptas.

44.581.- ptas.

TOTAL INGRESOS

229.085.- ptas.

14º.- E a conta do Convenio do monte "DE VILARIÑO", abrírase cun saldo de:
5.110.168.- ptas. - 229.085.- ptas: 4.881.083.- ptas.

Por todo iso, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE VILARIÑO"

Elenco: 2715895

Superficie: 166 Has.

Pertenza: Comunidade de Vilariño.

Termo municipal: Ribas do Sil.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

SEGUNDO.- Que a conta do Convenio do monte "DE VILARIÑO", 2715895, se abra cun saldo de 4.881.083.- ptas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran ter as contas dos Consorcios dos montes "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063 e "CARBALLAL", LU-2064, con posterioridade á súa data de pechamento.

TERCEIRO.- Que as características do monte LU-2063, no sucesivo, sexan as seguintes:

Nome: "VIDUAL E PENA GRANDE".

Elenco: LU-2063.

Superficie: 70 Has.

Pertenza: Parroquia de San Clodio.

Termo municipal: Ribas do Sil.

CUARTO.- Que por ter pasado á conta do Convenio do monte "DE VILARIÑO", 2715895, das contas do Consorcio do monte "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063, se resten as seguintes cantidades:

gastos 55Has/123Has x 10.427.345.- ptas.	4.662.634.-ptas.
ingresos 55Has/123Has x 412.618.- ptas.	184.504.- ptas.

QUINTO.- Que as características do monte LU-2064, no sucesivo, sexan as seguintes:

Nome: "CARBALLAL"
Elenco: LU-2064
Superficie: 10 Has.
Pertenza: Parroquia de Nogueira.
Termo municipal: Ribas do Sil.

SEXTO.- Que por ter pasado á conta do Convenio do monte "DE VILARIÑO", 2715895, das contas do Consorcio do monte "CARBALLAL", LU-2064, se resten as seguintes cantidades:

Gastos: 3Has/13 Has x 1.467.890.- ptas.	338.744.- ptas.
Ingresos: 3 Has/13Has x 193.184.- ptas.	44.581.- ptas.

Santiago, 2 de febreiro de 1999

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS



Asdo.: Plácido Baamonde López

VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de sinatura dun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal de Vilariño, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "DE VILARIÑO", integrado por 166 Has., das que 57 Has. proceden do Monte "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063, 3 Has. do Monte "CARBALLAL", LU-2064 e 106 Has. rasas achegadas de novo, e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago, 9 de febreiro de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE VILARIÑO"

Elenco: 2715895

Superficie: 166 Has.

Pertenza: Comunidade de Vilariño.

Termo municipal: Ribas do Sil.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

SEGUNDO.- Que a conta do Convenio do monte "DE VILARIÑO", 2715895, se abra cun saldo de 4.881.083.-ptas., sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas dos Consorcios dos montes "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063 e "CARBALLAL", LU-2064, con posterioridade á súa data de pechamento.

TERCEIRO.- Que as características do monte LU-2063, no sucesivo, sexan as seguintes:

Nome: "VIDUAL E PENA GRANDE"

Elenco: LU-2063

Superficie: 70 Has.

Pertenza: Parroquia de San Clodio.

Termo municipal: Ribas do Sil.

CUARTO.- Que por ter pasado á conta do Convenio do monte "DE VILARIÑO", 2715895, das contas do Consorcio do monte "VIDUAL E PENA GRANDE", LU-2063, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 55 Has/123 Has. x 10.427.345.-ptas.	4.662.634.-ptas.
ingresos: 55 Has/123 Has. x 412.618.-ptas.	184.504.-ptas.

QUINTO.- Que as características do monte LU-2064, no sucesivo sexan as seguintes:

Nome: "CARBALLAL"
Elenco: LU-2064
Superficie: 10 Has.
Pertenza: Parroquia de Nogueira.
Termo municipal: Ribas do Sil.

SEXTO.- Que por ter pasado á conta do Convenio do monte "DE VILARIÑO", 2715895, das contas do Consorcio do monte "CARBALLAL", LU-2064, se resten as seguintes cantidades:

Gastos: 3 Has/13 Has. x 1.467.890.-ptas.	338.744.-ptas.
Ingresos: 3 Has/13 Has. x 193.184.-ptas.	44.581.-ptas.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 1999

O CONSELLEIRO
(POR ORDE 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL



Asdo: José Luis Aboal García-Tuñón.

ILMO. SR. DR. XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

CONVENIO

N.º	271	5895
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a 15 de febreiro de mil novecentos noventa e nove.

REUNIDOS

Dunha banda, D. **CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ**, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **ABENIO ALVAREZ RODRIGUEZ** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE VILARIÑO"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **16 de Xaneiro de 1.953** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vilarinho, parroquia de Nogueira, termo municipal de Ribas do Sil**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE VILARIÑO".**

Termo municipal: **Ribas do Sil** Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal **Monte en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vilariño, parroquia de Nogueira, termo municipal de Ribas do Sil.**

Límites:

N.: **Monte "CARBALLAL", LU-2064 e monte "SARANDIÑAS Y REMITE", 2715669;**

E.: **Monte "DE PUMARES Y SAN ROMÁN", 2715882 e propiedades particulares;**

S.: **Provincia de Ourense e**

O.: **Propiedades particulares, camiño a Pontes, estrada de San Xoán de Río a Ribas do Sil, mais monte da Comunidade de Vilariño, estrada a Vilariño e mais propiedades particulares.**

Superficie: **166 (CENTO SESENTA E SEIS) Hás.**

Estado forestal: **58 (CINCOENTA E OITO) Hás. repoboadas, 96 (NOVENTA E SEIS) Hás. rasas forestais e 12 (DOCE) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **-- --**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **58 (CINCOENTA E OITO) Hás.**

Sen vexetación arbórea: ~~subvencións~~ **108 (CENTO OITO) Hás.**

3ª.- O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vilariño, parroquia de Nogueira, termo municipal de Ribas do Sil**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **57 Hás. do monte "VIGUAL Y PEÑA GRANDE", LU-2063 e 3 Hás. do "CARBALLAL", LU-2064.**

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o trinta por cento, e a comunidade propietaria, o setenta por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de corenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris, P. pinaster e frondosas nas vogueiras con solos aptos para elas.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón

D. Benigno de la Fuente Díaz.

D. Arsenio Alvarez Rodriguez

En el lugar de Vilariño, parroquia de Nogueira, término municipal de Ribas del Sil, - siendo las diez horas del día veintidos de Diciembre de 1.998, se reúnen los dos vecinos que integran la Comunidad de Vilariño, cuyos nombres y apellidos figuran al margen y - - acuerdan:

1º.- Aprobar las Bases del Convenio a suscribir con la Consellería de - Medio Ambiente, que afecte a 166 Hás. del monte en mano común de su pertenencia denominado "DE VILARIÑO", en las que se incluyen 57 Hás. del "VIDUAL Y PENA GRANDE", - - LU-2063 y 3 Hás. del "CARBALLAL", LU-2064, ambos consorciados por el Ayuntamiento de Ribas del Sil con el Patrimonio Forestal del Estado y 106 Hás., rasas y sin consorciar, que aportan de nuevo, con lo que las características del monte a conveniar, - son:

Nombre: "DE VILARIÑO".

Superficie: 166 Hás.

Límites:

N.- Monte "CARBALLAL", LU-2064 y monte "SARANDEIRAS Y REMEITE", 2715669;

E.- Monte "DE PUMARES Y SAN ROMAN", 2715882 y propiedades particulares;

S.- Provincia de Orense y

O.- Propiedades particulares, camino a Fontes, carretera de San Juan de Rio a Ribas del Sil, más monte de la Comunidad de Vilariño, carretera a Vilariño y más propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que les - afectan, anule y sustituya a los Consorcios de los montes "VIDUAL Y PENA GRANDE", - LU-2063 y "CARBALLAL", LU-2064.

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y - fecha indicados, firmando de conformidad.

B De la Fuente

Arsenio Alvarez